

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE NOVEMBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**826/08.- M<sup>a</sup> Rosalía Martínez Montoiro.-** Vivenda unifamiliar en Xesteira, parcela 514-C, San Martiño de Aríns.-

**2006/08.- Grupo Dosean, S.L.-** Legaliz. estado final de obras na edificación executada na Rúa Pozas, en Meixonfrío.

**1201/08.- Montevejo Inversiones Inmobiliarias, S.L.-** Legaliz. Modificacións no centro xeriátrico executado en Eira Vedra.

**1747/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.-** Nave, sen uso determinado, na parcela C-117-118-120 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

**1744/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.-** Nave, sen uso determinado, na parcela B-117-118-120 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

**1741/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.-** Nave, sen uso determinado, na parcela A-117-118-120 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

**1749/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.-** Nave, sen uso determinado, na parcela D-117-118-120 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

#### PARCELACIÓNS.-

**1386/07.- José Sande Brea e Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Miramontes Novais.-** Parcela sita no Lugar de Romaño, núm.90 (+).

#### AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

**Lap/360/07.- Hermanos Peleteiro Ramos, S.L.-** Obras de construción de dous módulos E, G e H (Lic/2279/07), e apertura de ditos módulos adicados a salón de actos, cafetería e tenda, e educación primaria, respectivamente, do Colexio "Manuel Peleterio", na finca "Monte Redondo", no Lugar de Outeiro.-

#### DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

**2377/08.- Residencial las Camelias, S.L.-**Expte...506/04.....2.553.021 ptas..(15.343,97 €).-

**2363/08.- Salmantina XXI.-**.....Expte..1419/07.....7.000 €.-

**2360/08.- Cristina Pallas Gómez.-** .....Expte...1247/02.....2.000 €.-

**2361/08.- Metrovacesa.-** .....Expte....3042/04.....6.000 €.-

**2294/08.- Hermenegildo Villar Montes.-** ....Expte...1410/97..400.000 pts.....(2.404.05 €).-

#### CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 16 DE ABRIL DE 2007

**589/05.- Ferroarcos, S.L.-** Edificio, 5 viv. en vez de 4, na Rúa de Vista Alegre, núm.59.-

#### APERTURAS.-

**Lap/227/07.- Manuela del Pilar Sieira Pérez.-** Apertura de famacia na R/ Choupana, núm.11.-

**Lap/202/07.- General de Bombeo de Hormigón, S.L.-** Apertura de nave adicada a aluguer de maquinaria equipo de construción no Polígono de Boisaca, parcela C-12.-

**Lap/141/08.- Susana Rilo Calvo.-** Apertura de café-bar en Rúa Melide núm.5.-

### OCIHR

#### LICENZAS

**LIC/2156/2007.- ALBERTO BLANCO RODRÍGUEZ.-** Autorización para desmontaxe completa da fachada dianteira do inmovible sito na rúa Pitelos, 12.

**LIC/685/2007.- JOSÉ MANUEL CARBALLAL VEIGA.-** Reestructuración de vivenda unifamiliar na rúa Sar, 88

**LIC/1852/2006.- RAMÓN REY CARREIRA.-** Ampliación de edificio para dúas vivendas, dous estudos e local comercial na rúa Rosalía de Castro, nº 72

**DISCIPLINA.-**

**DEVOLUCIÓN DE FIANZA.**

**DIS/984/2008.- IRUSA DECORACIÓN SL.-** Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa do Vilar, nº 43 . Importe. 601,00€.

**DIS/364/2008.- SUMIRE REFORMAS SL.-** Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Trisca nº 20. Importe. 601,00€.

**DIS/393/2008.- MANUEL EVARISTO LÓPEZ SANMARTIN** Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa Ramón del Valle Inclán,3-5 . Importe. 601,00€.

**DIS/460/2008.- MARÍA CONCEPCIÓN VÁZQUEZ VILLAMOR.-** Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa das Rodas nº 29 . Importe. 601,00€.

**6 a 48.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre actividades económicas e na taxa por subministración de auga e conservación de contadores, por saneamento e depuración de augas residuais e por prestación de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense os devanditos beneficios fiscais.

**49.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa ao cumprimento do auto de 6 de outubro de 2008, do cal se deu conta na sesión de 18/11/08.**

Dáse conta do devandito auto.

**50.- Adxudicación definitiva do Servizo de Dirección facultativa superior das obras de construción dun pavillón polideportivo en FONTIÑAS.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia subscrito coa empresa TERAN Y BLANCO TALLER DE ARQUITECTURA, SLP, por importe de 48.024 euros.

**51.- Adxudicación provisional do contrato de Subministro de uniformidade para o persoal do Servizo de Extinción de Incendios.**

Adxudícase provisionalmente o citado subministro á empresa SASATEX ESPAÑOLA, SA, por importe de 36.805,90 euros.

**52.- Adxudicación definitiva do Servizo de Dirección de execución media das obras de construción dun pavillón polideportivo en FONTIÑAS.**

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo a Santiago Rey Conde por importe de 48.087 euros.

**53.- Adxudicación definitiva do contrato de Servizo de mantemento da infraestrutura da rede de telecomunicacións do Concello de Santiago de Compostela.**

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo á empresa TELINDUS por importe de 21.982 euros máis IVE.

**54.- Adjudicación definitiva do contrato para a execución das obras de urbanización de terreos municipais para Zona Deportiva en SAN LÁZARO (fase I) 2ª licitación.**

Elévase a definitiva a adjudicación provisional do contrato de referencia á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 1.060.000 máis IVE e un prazo de execución de 10 meses.

**55.- Prórroga do Servizo de Bar-Cafetería na dársena de autobuses de Xoan XXIII.**

Acórdase a prórroga do devandito servizo adjudicado á empresa CASAL COTÓN, SL, por un ano a contar desde o 17 de xaneiro de 2009, así como a revisión do prezo de adjudicación.

**56.- Adjudicación menor de obras de mantemento e reparación do pavimento de diversas zonas do Casco Histórico (rúa Castrón D'ouro, rúa Rodas, rúa Rodrigo de Padrón e outras).**

Apróbase o proxecto redactado pola oficina municipal da Cidade Histórica e a adjudicación dos traballos de referencia á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, SL, por un importe total de 43.222, 83 euros (máis 16% de IVE).

**57.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e Vixilancia da saúde.**

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación do devandito servizo, cun tipo de licitación de 75.847,39 euros/ano e un prazo inicial de duración de dous anos, con posibilidade de prórroga.

**58.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de SALGUEIRIÑOS, reservado a centros especiais de emprego en aplicación do disposto na Disposición Adicional Séptima da Lei de Contratos do Sector.**

Apróbase o proxecto elaborado polo encargado da brigada municipal de Parques e Xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 76.381,34 euros (máis 16% de IVE).

**59.- Provisión dun/ha animador/a cultural con cargo ao Programa subvencionado parcialmente pola Deputación.**

Apróbase a provisión.

**60.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a resolución de recursos de reposición interpostos contra o acordo de aboamento de paga única correspondente ao primeiro semestre do ano 2008.**

Resólvense os recursos.

**61.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a nomeamento dos representantes municipais nos Consellos Escolares de Centros de educación non universitaria.**

Apróbanse os nomeamentos.

**62.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á presentación de alegacións perante a Dirección Xeral de Transportes en relación coa solicitude dunha empresa de regularización concesional.**

Acórdase presentar alegacións á solicitude da empresa "Santiaguesa Metropolitana, SA" no senso de informar desfavorablemente o solicitado.

**63.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa ao Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello.**

Apróbase o devandito plan.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a recursos de reposición interpostos contra a aprobación definitiva do Proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Rexéitanse dous recursos de reposición.

**65.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cesión do dereito de superficie sobre a parcela 98-99 do solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37) de Costa Vella, a favor do grupo EDITORIAL COMPOSTELA, SA.**

Autorízase a constitución por Editorial Compostela, SA, dun dereito de superficie sobre a devandita parcela.

**66.- Aprobación inicial da conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada.**

Apróbase inicialmente a conta de liquidación definitiva ascedendo o salto resultante total a 232.690,35 euros.

**67.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á sinatura dun protocolo xeral de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a "Caja de Ahorro de Galicia" así como dun convenio de colaboración coa mesma para a edición e divulgación do Mapa Industrial de Compostela.**

Apróbase a realización da actividade e a sinatura do protocolo. O custo para o Concello é de 18.000 euros.

**68.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á sinatura do convenio coa Deputación para o "V Festival de Curtametraxes Cortocircuíto 08".**

Apróbase a sinatura do convenio, polo que a Deputación achega 140.000 euros.

**69.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á xustificación do convenio de funcionamento con INCOLSA.**

Apróbase a primeira xustificación parcial da execución do convenio, por importe de 763.599 euros.

**70.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á xustificación do convenio de promoción turística con INCOLSA.**

Apróbanse os gastos xustificativos da execución do devandito convenio de promoción turística por importe de 150.000 euros.

**71.- Propostas do concelleiro delegado de Festas relativas á aprobación do programa de corais e de gastos de iluminación de Nadal.**

Apróbase un orzamento de 10.414 euros para o programa de corais no Nadal e de 12.000 euros para a iluminación das rúas Alfredo Brañas, Xeneral Pardiñas, Montero Ríos, porta da Pena-Troia, Rúa Nova de Abaixo e esquina República Arxentina con San Pedro de Mezonzo (30%)

**72.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á liquidación das Festas do Apóstolo 2008.**

Apróbase a liquidación co seguinte balance:

- ingresos: 745.567,03 euros

- gastos: 865.389,68 euros

Liquidación: -119.822,65 euros.

**73.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á concesión inicial de subvencións ás entidades sen fin de lucro no ámbito cultural.**

Apróbase a concesión de subvencións a 42 entidades sen fin de lucro do ámbito cultural por importe total de 45.000 euros.

**74.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa á rectificación do acordo de ampliación de contrato de limpeza viaria e a revisión de prezos do ano 2008.**

Apróbase a revisión dos prezos que quedan fixados en 7.390.544,34 euros.

**75.- Dar conta da acta do xurado da XIII edición do Concurso Literario Ánxel Casal.**

Dáse conta da devandita acta.

**76.- Dar conta da sinatura de diversos convenios entre o Concello de Santiago e a consellería de Cultura e Deporte.**

Dáse conta dos convenios asinados para integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia as bibliotecas municipais dos centros socioculturais de Fontiñas, Conxo e Vite.

**77.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración cultural entre o Concello de Santiago e Caixanova.**

Dáse conta do convenio de colaboración asinado para as Festas do Apóstolo 2008.

**78.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 17 da sesión de 23 de setembro de 2008.**

Corríxese o devandito erro.

**79.- Dar conta da concesión dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para a elaboración, publicación e difusión do plan municipal de igualdade.**

Dáse conta da concesión da devandita subvención por parte da Deputación por importe de 24.992,65 euros.

**URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Cultura dando conta da concesión dunha subvención ao Concello pola Xunta de Galicia.**

Dáse conta da concesión dunha subvención da Consellaría de Cultura por importe de 4.934,51 euros para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e lcoais utilizados para a realización de actividades culturais.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á xustificación restante do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Cultura de data 24.9.08.**

Dáse conta da xustificación dos gastos correspondentes ao Convenio de cooperación cultural entre a Consellaría de Cultura e o Concello para a realización do Festival Cineuropa.

**3.- Adxudicación definitiva do servizo de mantemento dos campos de fútbol de San Lázaro I,II e Santa Isabel.**

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo á empresa CESPAS, SA, por importe de 47.890 euros máis IVE (16%).

**4.-Adxudicación definitiva das obras incluídas no proxecto básico e de execución dun pavillón polideportivo em Fontiñas.**

Elévase a definitiva a adxudicación das devanditas obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 1.687.543, 21 euros máis IVE (16%) e um prazo de execución de 14 meses.

**5.- Dar conta dunha dun convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello de Santiago para atender os gastos de funcionamento da oficina municipal de xestión que dá cobertura administrativa á actividade do Consorcio.**

Dáse conta do devandito convenio, polo que o Consorcio achega 114.000 euros.

**6.- Designación dos integrantes da Comisión de Selección dunha praza de coordinador do proxecto URBAN.**

Procédese á designación.

**7.- Dar conta dunha subvención para o proxecto “Santiago Contigo”, dentro do programa Concellos Dixitais 2008-2009.**

Dáse conta da devandita subvención, por um importe de 60.000 euros.